

Atxaga conversa con Méndez Ferrín

Por **Jon Kortazar**

En 1977 o narrador vasco Bernardo Atxaga fai unha entrevista a Méndez Ferrín que será publicada na revista *Anaitasuna*. A conversa xira arredor do nacionalismo, a loita política e a literatura. Jon Kortazar é catedrático de literatura vasca na Deustuko Unibertsitatean.

- 06:21 18/04/2002

No número correspondente ao 15 de agosto de 1977, a revista en lingua vasca *Anaitasuna*, que aparecía en Bilbao, publicou unha longa entrevista, en forma de conversa, que Bernardo Atxaga lle realizou a Méndez Ferrín. Ao parecer, polo que se di na mesma, a entrevista tivo lugar en Vigo, a teor das fotos no domicilio do escritor galego, a noite do 26 de xullo de 1977, tras os incidentes do día de Santiago, acontecidos en Compostela ese mesmo ano.

A importancia desta conversa establécese porque resulta unha das poucas probas documentais dunha relación que podía intuírse pola lectura dos textos poéticos e narrativos de Atxaga, pero que este esquecido artigo vén a confirmar. Podería ser algo así como o elo perdido dunha relación literaria.

Por desgracia para os amantes da literatura, a conversa entre os dous autores percorre máis camiños ideolóxicos e políticos que puramente literarios, e, de feito, o título da entrevista: "Mendez Ferrin: Nazionalismoa, burruka galegoak, poemagintza eta beste", isto é: "Méndez Ferrín: nacionalismo, loitas galegas, poesía, e outras herbas" vén a confirmalo. O obxectivo de Atxaga consiste en realizar un percorrido ideolóxico polas loitas populares galegas a través dos seus escritores.

A entrevista non se concibe por medio dunha estrutura pechada, de pregunta resposta, senón que o entrevistador vai debullando algúns temas, unidos a algúns escritores galegos que amosaron unha conciencia nacional, e vains confrontando coa opinión de Méndez Ferrín, quen realiza unha interpretación da historia galega como un continuum de loita contra a opresión colonizadora. Trátase polo tanto dun debate e unha conversa máis que dunha entrevista.

Atxaga lembra o que el sabe e pon ante o tapete unhas cantas nocións, nuns casos nebulosas, outras inexactas, as máis das veces superficiais, e deixa que esa suxestión sirva a Méndez Ferrín para amosar unha reflexión arredor do tema proposto.

Trataremos agora de resumir os temas comentados no texto. A conversa comeza cunha referencia á poesía de Rosalía e á súa preocupación pola emigración, para seguir cunha pregunta sobre as revoltas de 1846, e a constatación por parte de Ferrín de que poesía e política levan camiños separados no momento en que

pretenden a independencia dunha nación. Segue co papel xogado por Cabanillas nas revoltas labregas, tócase a rebelión de mulleres nas Encrobas, o concepto de patria nos movementos de esquerdas, a figura de Castelao na concreción dunha conciencia nacional, os tópicos sobre a figura do galego covarde, o nacemento da UPG, a ruptura co nacionalismo tranquilo de Piñeiro, o conflito entre "coroneis" e "disidentes" dentro da UPG, a obra poética de Ferrín, onde a conversa recolle xa un tema literario, e a participación de Ferrín no grupo Brais Pinto... Todo isto dá pé a que Ferrín bosquexe unha interpretación da historia de Galicia desde Rosalía, utilizando as loitas populares como elemento de engarce dunha suposta tradición que iría desde a loita cultural á loita marxista pola independencia.

Se volvemos a ollada aos temas literarios, estes falan máis da estética do propio Atxaga, que subliña a importancia da lírica popular na súa obra, que da descrición da estética poética de Ferrín, que traza a figura do poeta revolucionario, desexa que este deba ter como horizonte de actividade a superación das estéticas dos poetas conservadores e subliña a necesidade de que o poeta viva e una dous mundos diferentes: o mundo tradicional e o mundo da vangarda urbana...

A conversa pode servir para tomar o pulso ás opinións políticas de Ferrín en 1977. Pero ademais interesa pola personalidade dos dous actores da conversa.

Este “elo perdido” pode ser un acicate para levar a cabo un estudio, que realizamos na actualidade, que mire máis alá desta entrevista, a tome como pretexto, para describir a recepción da obra de Ferrín no País Vasco.

Este traballo tería unha dupla perspectiva. Debería traballar sobre as traducións de Ferrín ao éuscaro, e debería sinalar algunhas das súas influencias, que, ao meu parecer, son innegábeis na obra narrativa de Joseba Sarrionandia, e detectábeis na obra de Atxaga...

Trad. de Paulo Filgueiras Fachal

Bernardo Atxaga

"Mendez Ferrin: Nazionalismoa, burruka galegoak, poemagintza eta beste".

Anaitasuna (15-VIII-1977)

Bilbao.